

ANPA CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO



ampaseixalbo@gmail.com

PROGRAMACIÓN
XERAL ANUAL
CURSO 2018/2019

Índice:

1. Introducción
2. Obxectivos
3. Destinatarios
4. Actividades
 - 4.1. Servizo de Madrugadores
 - 4.2. Actividades extraescolares
 - 4.3. Convivencias
 - 4.4. Semana da familia
 - 4.5. Acollida estival
 - 4.6. Días sen cole
 - 4.7. Festa de fin de curso
 - 4.8. Outras
5. Proxectos
 - 5.1. Proxecto Durmo a sesta
 - 5.2. Proxecto Biblioteca
 - 5.3. Proxecto Horta Escolar
 - 5.4. Proxecto mellora dos patios
6. Consulta e participación
7. Espazos e recursos

ANEXO: Orzamento 2018/2019

1. INTRODUCCIÓN:

Con este documento preséntase a proposta de actuacións da Anpa do Ceip Plurilingüe de Seixalbo para o curso 2018/2019.

Con este proxecto preténdese contribuir á mellora da convivencia escolar, facilitar a conciliación familiar e complementar a formación do alumnado, entre outros.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden acadar con esta programación anual son os seguintes:

- velar porque os alumnos e alumnas do centro reciban unha educación de calidade, que lles permita desenvolverse como persoas adultas no futuro, e colaborar coa labor educativa do centro
- velar porque as instalacións do centro proporcionen un marco seguro, saudable e agradable para a convivencia e a aprendizaxe
- contribuir á conciliación da vida familiar e laboral das familias
- optimizar o uso e rendibilidade socio-educativa das instalacións do centro
- proxectar a vida escolar no entorno promovendo a participación en actividades que se organicen de carácter externo ó centro escolar
- completar a formación dos alumnos e alumnas mediante a oferta de actividades lúdicas, educativas, artísticas e deportivas
- colaborar co centro educativo en calquera actividade que surxa o longo do curso escolar
- fomentar a participación das familias na comunidade escolar

3. DESTINATARIOS

As actuacións da Anpa están destinadas a:

- alumnado matriculado no centro e en escolas unitarias adscritas o centro
- familias do centro
- comunidade educativa en xeral
- socios da anpa
- no caso do proxecto de “días sen cole” ou de “acollida estival” aberta a posibilidade de que poida asistir alumnado doutros centros de ensino

4. ACTIVIDADES

4.1. SERVIZO DE MADRUGADORES

O servizo de madrugadores está dispoñible dende o primeiro día lectivo do curso 2018-2019. Este servizo é xestionado pola Fapa. O horario de atención é de 7,30 da mañá ata a hora de entrada ás aulas.

Actualmente non está dispoñible o servizo de almorzo por non acadar o número mínimo de solicitudes necesarias para que se oferte o servizo.

Os prezos varían en función das horas necesarias é son os seguintes:

SERVIZO DESDE AS 7,30	DIARIO	ESPORÁDICO
SOCIOS ANPA	52 €/mes	4 €/día
NON-SOCIOS ANPA	55 €/mes	4,5 €/día

SERVIZO DESDE AS 8,30	DIARIO	ESPORÁDICO
SOCIOS ANPA	30 €/mes	3 €/día
NON-SOCIOS ANPA	33 €/mes	3,5 €/día

Este servizo está a disposición de todos/as os/as alumnos/as que o precisen, podendo usalo en calquera momento do curso escolar.

4.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades ofertadas para este curso escolar son as seguintes:

ACTIVIDADE	EMPRESA	IDADE ACONSELLADA
PATINAXE	MOUXION	+ 6 anos
CHIQUIRRITMO	MOUXION	+ 3 anos
ZUMBA-BAILE	MOUXION	+ 6 anos
PREDEPORTE	MOUXION	+ 3 anos
KUNG FU	XIMNASIO ARTAI	+ 6 anos
MINI CHEF	FAPA	+ 5 anos
CICLISMO	MAESE-BIKE	De 3 a 7 anos
BALONCESTO	WILLIE LADSON	+ 6 anos
FUTBOL SALA	OCIOSAUGAL	+ 4 anos
RUGBY	OURENSE RUGBY	+ 4 anos
VOLEY	VOLEY BURGAS	+ 6 anos
ART ATTACK	ACTIVA	- de 7 anos
DEBUXO-PINTURA	ACTIVA	+ 6 anos
STORYTELLING	ACTIVA	+ 3 anos
ROBÓTICA	OCIOSAUGAL	+ 8 anos
XADREZ	XADREZ OURENSE	+ 6 anos

Ó remate do período de inscrición houbo que adoptar as seguintes accións:

Desdobre da actividade de Minichef en 2 grupos, lúns e martes, debido á gran demanda.

Cancelación de xadrez, storytelling e ciclismo por non chegar ó mínimo de inscricións esixido polas empresas que ofertan cada actividade.

Creación de 2 niveis de Robótica, un nivel avanzado os mércores é un nivel de iniciación os xoves.

Unificación de Art attack e Debuxo e pintura, por non chegar ó mínimo, desenvolvéndoas como unha soa actividade en inglés; e baseándose nas preferencias do neno/a no momento de solicitude da actividade.

A programación semanal e distribución por espazos queda como segue:

CURSO 2018/2019	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
POLIDEPORTIVO	ZUMBA-BAILE	VOLEIBOL	PATINAXE	VOLEIBOL	BASKET
SALÓN DE ACTOS	MINI-CHEF	MINI-CHEF		ART ATTACK E DEBUXO	
A. PSICOMOTRICIDADE	CHIQUIRRITMO	KUNG-FU	PREDEPORTE	KUNG-FU	
AULA INFORMÁTICA			ROBÓTICA AVANZADO	ROBÓTICA INICIACIÓN	
PISTA	FÚTBOL SALA				RUGBY

Durante o último trimestre do curso propórase unha valoración das actividades ofertadas co fin de adaptalas ás preferencias/necesidades das familias.

4.3. CONVIVENCIAS

Durante o presente curso propóranse xornadas de convivencia en familia tales como roteiros, andainas, etc, en función da climatoloxía e da oferta dispoñible.

As empresas que desenvolven as actividades extraescolares tamén organizan convivencias destinadas ós seus usuarios e familias:

- Ociosaugal: convivencias de fútbol sala
- Club Burgas Voleibol: xornadas mensuais de deporte escolar de voleibol
- Ourense Club de Rugby: xornadas de convivencia no campo de entrenamento do campus universitario de Ourense.

4.4. SEMANA DA FAMILIA

Semana de actividades para toda a familia e para todas as idades co fin de aumentar a participación e a integración das familias no centro. Está previsto organizala no terceiro trimestre do curso escolar.

4.5. ACOLLIDA ESTIVAL

Para o verán 2019 está previsto repetir o proxecto de Acollida Estival, segundo o cal o centro permanecerá aberto durante as semanas que se desenvolva a acollida, e organizaranse actividades lúdicas e educativas para todos aqueles alumnos de infantil e primaria de centros de Ourense que o precisen, previa

inscrición.

4.6. DIAS SEN COLE

Co fin de facilitar a conciliación familiar, durante os días non lectivos que sexan laborais, organizaranse actividades no centro en horario de 7,30 a 14,30 ás que poderán acudir todos aqueles alumnos de infantil e primaria de centros de Ourense, previa inscrición.

4.7. FESTA DE FIN DE CURSO

Para este curso vaise propoñer unha festa de fin de curso que integre a toda a comunidade escolar, con actividades programadas, exhibicións do traballo feito nas actividades extraescolares, talleres, etc.

4.8 OUTRAS

Ofertaranse actividades para adultos segundo demanda, así como actividades puntuais tales como contacontos, actuacións musicais, etc en datas sinaladas e en función da disponibilidad. Tamén concursos (logo da anpa, etc) ou mercadillos para fomentar a participación e implicación das familias.

5. PROXECTOS

5.1 PROXECTO DURMO A SESTA

Proxecto destinado ó alumnado de infantil para que dispoña dun espazo acondicionado para poder descansar en horario de 3 a 4. Aínda que inicialmente o que se plantexou ó centro foi unha aula separada, actualmente os nenos dispoñen dunha colchoneta no salón de actos que lles facilita ese descanso despois de comer, aínda que non deixa de ser unha solución provisional.

5.2 PROXECTO BIBLIOTECA

Solicitarase a apertura da biblioteca por mais tempo, e especialmente en horario de 3 a 4, co fin de ofertar espazos alternativos para os alumnos e alumnas, dar maior uso ós recursos do centro e fomentar a lectura.

5.3 PROXECTO HORTA ESCOLAR

O obxectivo é aumentar o tempo de utilización da horta escolar, xa que actualmente se limita ós meses de abril, maio e xuño, plantexando cultivos alternativos ou a posibilidade de dispoñer dun pequeno invernadoiro.

5.4 PROXECTO MELLORA DOS PATIOS

O obxectivo é humanizar os patios proporcionando espazos alternativos de xogo que permitan a convivencia e o xogo libre e igualitario, ademáis da mellora da seguridade dos diferentes espazos e o aumento de zonas verdes.

6. CONSULTA E PARTICIPACIÓN

Para o curso 2018-2019 puxéronse a disposición dos socios diferentes canais de comunicación:

- páxina web do centro, sección anpa
- correo electrónico da anpa
- buzón da anpa, no centro escolar
- páxina de facebook con posibilidades de comunicación vía messenger
- atención presencial no local da anpa os venres lectivos de 16,00 a 17,00

Durante este curso está previsto convocar asembleas trimestrais para fomentar a participación das familias nas decisións a adoptar pola asociación.

Esta asociación ten ademais representación directa no Consello Escolar, no que xa se fixeron diversas peticións relacionadas con melloras do centro, solicitude de programas específicos, etc.

Temos previsto solicitar á Dirección e ó Claustro do centro reunións periódicas co fin de mellorar a comunicación das actividades desenvolvidas polo centro ás familias, a través da anpa, e para colaborar e participar na toma de decisións.

7. ESPAZOS E RECURSOS

Para poder desenvolver as actividades previstas, solicitouse á dirección do centro a utilización dos seguintes espazos:

- salón de actos
- aula de informática
- patio cuberto
- aula de psicomotricidade
- ximnasio

Os recursos económicos dispoñibles proceden dos ingresos por cuotas de socios, que este curso está fixada en 15 euros por familia para o CEIP Seixalbo e 10 euros por familia para as escolas unitarias, e das subvencións que se reciban dos diferentes organismos oficiais, fundamentalmente concellos.

ANEXO: ORZAMENTO 2018/2019

	Epígrafes	Gastos
1	ACTIVIDADES	
	1. Actividades PXA	1.900,00 €
	a) Convivencias	400,00 €
	b) Semana da Familia	500,00 €
	c) Festa fin de Curso	1.000,00 €
	2. Actividades extraescolares	650,00 €
	a) Baloncesto	190,00 €
	b) Robótica	360,00 €
	c) Fútbol sala	100,00 €
	3. Outras celebracións (Samaín, Magostos, Día do libro, Día da muller..)	1.100,00 €
	TOTAL	3.650,00 €

2	ADMINISTRACIÓN E GASTOS XERAIS	
	Materiais actividades	400,00 €
	Comisións e gastos financeiros	140,00 €
	Servizos de Asesoría e Xestión	204,75 €
	Cota FAPA	95,55 €
	Outros gastos	300,00 €
	TOTAL	1.140,30 €
	TOTAL GASTOS	4.790,30 €

	Epígrafes	Ingresos
1	ACTIVIDADES	
	1. Ingresos da entidade pola actividade propia:	3.695,00 €
	a) Cotas de socias/os 2018	1.545,00 €
	b) Subvencións públicas solicitadas	804,00 €
	c) Subvencións públicas concedidas	1.500,00 €
	2. Ingresos extraescolares	650,00 €
	a) Baloncesto	190,00 €
	b) Robótica	360,00 €
	c) Fútbol sala	100,00 €
2	OUTROS INGRESOS	
	3. Outros ingresos	445,30 €
	a) Outros ingresos	- €
	b) Ingresos financeiros	- €
	c) Saldo curso 2017-2018	445,30 €
	TOTAL INGRESOS	4.790,30 €

SALDO (INGRESOS - GASTOS)	- €
----------------------------------	------------